



Programa “Emprendemento en FP”, enmarcado dentro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Fundación Repsol para o establecemento dun marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento do espírito emprendedor, no marco de Eduemprende.

## OBXECTIVO

Este programa ten por obxecto fomentar o emprendemento de base tecnolóxica entre alumnado e profesorado de ciclos superiores de formación profesional dos concellos de A Coruña, Arteixo e Culleredo. Esta actuación encádrese no Plan de emprendemento no sistema educativo Eduemprende.

## DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

Este programa vai dirixido ao vai dirixido ao alumnado de ciclos superiores de Formación Profesional dos concellos de A Coruña, Arteixo e que cursen ensinanzas de formación profesional nas familias profesionais de: Administración e xestión, Comercio e márketing, Edificación e obra civil, Electricidade e electrónica, Enerxía e auga, Fabricación mecánica, Informática e comunicacións, Instalación e mantemento, Química, Sanidade, Seguridade e medio ambiente, Transporte e mantemento de vehículos, Marítimo-pesqueira, Madeira, moble e cortiza, Téxtil, confección e pel e Hostalaría e turismo.

Este programa desenvolverase desde outubro ata febreiro e realizaranse as seguintes actividades:

- 1. Charlas de motivación:** nesta charla explicarase o programa e trataranse temas relacionados coa innovación, as novas tecnoloxías e o seu impacto.
- 2. Hackatón de ideas:** como resultado seleccionaranse 20 estudantes de diferentes centros, que desenvolveran o papel de líder de equipo.
- 3. Formación de formadores:** formación aos estudantes, profesores e voluntarios de Repsol para que xestionen os seus equipos de traballo durante o resto do programa.

Esta actividade contará con 6 talleres:

- **Liderado e xestión de equipos.**
  - **Creatividade e Design Thinking.**
  - **Modelos de negocio.**
  - **Validación do modelo de negocio.**
  - **Finanzas para emprendedores.**
  - **Márketing e marca.**
- 4. Constitución de equipos:** formaranse equipos multidisciplinares formados por un líder que coordine a catro compañeiros, un profesor que os titoriza e un responsable de Repsol que actúa como mentor.



5. **Ideación:** xeración de ideas de negocio, formulación dun modelo de negocio co método *Canvas*, validación da idea fronte a potenciais clientes e comunicación.
6. **Demo-Day:** competicións por zona na que 20 equipos defenden o seu proxecto en 3 minutos ante un xurado. Cada membro do equipo gañador recibirá un cheque por valor de 249 € .

## **CERTIFICACIÓN**

Os proxectos presentados serán recoñecidos pola Administración Educativa como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente para o profesorado que participe en todas as actividades deste programa.